



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 26 de xuño de 2018**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de xuño de dous mil dezoito e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde (Resolución Alcaldía 25/06/18), Sr. Regades Fernández, por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamé presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(668).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión

**2(669).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO PARA O SUBMINISTRO DE UNHA PLATAFORMA INTEGRAL DE XESTIÓN INTELIXENTE DE SERVIZOS CIDADE E A SUA INTEGRACIÓN COS SERVIZOS DA PLATAFORMA VCI+. EXPTE. 8562/113.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 25/06/18, e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta de data 22/06/18, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda e o concelleiro-delegado de Admón. Electrónica, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

1.- De conformidade cos artigos 28 e 134 da LCSP, na data 23/05/2018 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea o anuncio de información previa do contrato para Subministro de unha plataforma e os servizos necesarios para a definición e construción de unha solución metodolóxica baseada nunha plataforma tecnolóxica para a posta en marcha das accións vinculadas ó Proxecto smart city, e a creación e desenvolvemento da oficina técnica de proxecto, que realice as tarefas de coordinación, asesoramento técnico e funcional e control de calidade dos traballos de implementación del proxecto

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e o concelleiro delegado da Area de Xestión Municipal, Persola, Patrimonio e Administración Electrónica de data 22/05/2018.

- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 22/05/2018 do concelleiro delegado da Area de Xestión Municipal, Persola, Patrimonio e Administración Electrónica.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 12/06/2018 asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica Servizos Xerais.

- Memoria xustificativa do contrato de data 22/06/2018, asinada polo xefe de do Servizo de Administración Electrónica, co conforme da mesma data do concelleiro delegado da Area de Xestión Municipal, Persola, Patrimonio e Administración Electrónica

- Informe da xefa do Servizo de Contratación de data 22/06/2018, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, é de data 22/06/2018.

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).



## Concello de Vigo

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Area de Xestión Municipal, Persola, Patrimonio e Administración Electrónica mediante resolución de data 22/05/2018 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 18 da LCSP, se tramita como un contrato mixto, de servizos e subministro, o cal atendendo a que o servizo ten unha incidencia aproximada no orzamento total do contrato dun 49,99% do custe mentres que os procesos derivados da subministración estímase nun 50,01% do custe total do contrato, a súa preparación e adxudicación se rexerá polo réxime xurídico previsto para o contrato de suministro.

**Terceiro.-** O presente contrato está suxeito a regulación armonizada toda vez que o seu valor estimado supera os 221.000 euros (artigo 21 da LCSP).

De conformidade cos artigos 28 e 134 da LCSP, na data 15/03/2018 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea o anuncio de información previa do contrato.

**Cuarto.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Quinto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Sexto.-** Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sétimo.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Octavo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Noveno.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o suministro de unha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma VCI+.

**SEGUNDO.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 22/06/2018.

**TERCEIRO.-** Autorizar o gasto de 512.000,00 €, que inclúe un IVE de 88.859,55 €, o cal se imputará a partida a partida orzamentaria 9207.6400005 (OT2 LA4 PLATAFORMA SMART CITY INMATERIAL ) dos exercicios 2018, 2019 e 2020 segundo o seguinte detalle;

Ano	Importe
2018	50.000,00 €
2019	215.000,00 €
2020	247.000,00 €

**CUARTO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(670).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICADE AO ARTISTA DOMINGO TEIXEIRA RODRÍGUEZ PARA PARTICIPAR NO CUARTO PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRA A VÍA PÚBLICA. EXPTE. 8904/307.**

Visto o informe de fiscalización de data 21/06/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade do artista Domingo Teixeira Rodríguez para participar no cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública (8.904-307)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 4 de xuño de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*1º.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade (artigo 168.a 2º LCSP) do artista Domingo Teixeira Rodríguez para participar no cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública.*

*2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico con data 23 de marzo de 2018.*

*3º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 24 de maio de 2018.*

*4º.- Autorizar o gasto:*

- A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN: 5.000 euros
- B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: este contrato está exento do imposto sobre o valor engadido.
- C) ORZAMENTO TOTAL: 5.000 euros
- D) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 5.000 euros

*Aplicación orzamentaria: 3340.2260900 ACTIVIDADES CULTURALES PROGRAMA ARTE, RC 7787.*

*5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** O 11 de xuño de 2018 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a D. Domingo José Teixeira Rodríguez, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** Con data do 14 de xuño de 2018 D. Domingo Teixeira Rodríguez presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 15 de xuño de 2018, reunidas na oficina de contratación a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, D<sup>a</sup>. María Gómez Janeiro, responsable do contrato, e a técnica de Administración xeral do Servizo de Contratación, D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López (por delegación do 15 de xuño de 2018 da xefa do Servizo de Contratación), procedeuse á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión *“Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7A) do PCAP, acórdase admitir a D. DOMINGO JOSÉ TEIXEIRA RODRÍGUEZ neste procedemento”*. A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade Autónoma e Tesourería Municipal) e fronte á Tesourería da Seguridade Social e deixouse constancia no expediente. Tamén consta o documento nacional de identidade do licitador.

**Quinto.-** Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar D. DOMINGO JOSÉ TEIXEIRA RODRÍGUEZ, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 15 de xuño de 2018 de apertura dos sobres A e B.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a D. DOMINGO JOSÉ TEIXEIRA RODRÍGUEZ o procedemento negociado sen publicidade do artista Domingo Teixeira Rodríguez para participar no cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública (8.904-307) por un prezo total de 5.000 euros (exento de IVE).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(671).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA DO FUNCIONARIO DE CARREIRA CO Nº DE PERSOAL 13712, AO “XII CURSO AVANZADO DE MANDO DE UNIDADES UNIFORMADAS” ORGANIZADO POLO C.N.P., NA ESCOLA NACIONAL DE POLICÍA DE ÁVILA DO DÍA 25 AO 29 DE XUÑO DE 2018. EXPTE. 59720/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/06/18, dáse conta do informe-proposta de data 15/06/18, asinado polo intendente xefe da Policía Local, o xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e o concelleiro delegado da Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES.-**

Durante as datas comprendidas entre o 25 e 29 de xuño de 2018, ambas inclusive, vaise a celebrar na Escola Nacional de Policía de Ávila o XII CURSO AVANZADO DE MANDO DE UNIDADES UNIFORMADAS, organizado polo C.N.P.

Ao citado curso foi expresamente invitado o Intendente Xefe da Policía Local de Vigo, D. Francisco Martínez Muñoz, có número de persoal 13712, tratándose no mesmo contidos profesionais encaminados ás melloras relativas a organización e mando de plantillas policiais, o cal redundará en melloras á eficiencia na prestación do servizo da seguridade pública, incidindo en aspectos técnico-profesionais, operativos e de organización. A asistencia do Intendente Xefe da Policía Local resulta de singular interese profesional e, en definitiva de interese público.

O curso é teórico/práctico comprendendo as datas anteriormente reseñadas, con un horario lectivo que comprende:

–Desde o luns día 25 ata o xoves día 28, en quendas de mañán, desde as 09:00 ata as 13:35 horas e de tarde desde as 16:00 ata as 17:30 horas.

–O venres día 29 unicamente en quenda de mañán, no horario comprendido entre as 09:00 e as 13:00 horas.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

PRIMEIRO.- De conformidade co disposto no art. 3 do RD 462/2002, de 22 de maio, polo que se regula as indemnizacións por razón de servizo, os cometidos especiais que circunstancialmente se ordenen ao persoal, e que deba desempeñar fora do termo municipal constitúen comisións de servizo con dereito a indemnización.

SEGUNDO.- A competencia para autorizar a comisión de servizo e as indemnizacións a cuxo devengo da lugar a execución da mesa corresponde á Xunta de Goberno Local, de conformidade coas prescricións do art. 127 g), h) da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local.

TERCEIRO.- Dada a distancia a que se atopa a Escola de Policía de Ávila, sita na Avd. Juan Carlos I, número 46, (519 Km., e 05 horas e 28 minutos de viaxe en vehículo, segunda guía michelín), a comisión de servizo deberá ter os seguintes horarios de saída e regreso:

–Saída o domingo día 24 de xuño de 2018 ás 14:00 horas.

–Regreso o venres 29 de xuño de 2018 despois das 13:00 horas.

De conformidade co art. 10, 18 e concordantes do RD 462/2002, ao Intendente Xefe da Policía Local, D. Francisco Martínez Muñoz encadrado no grupo 2, segundo o Anexo I da citada disposición, a Orden EHA/3770/2005, de 1 de decembro, o Acordo do Consello de Ministros de 2 de decembro de 2005, polo que se revisa o importe das dietas en territorio nacional establecidas no anexo I, correspóndelle percibir:

–516,85 € imputables á aplicación orzamentaria 1320.2302000 (dietas para persoal):

En concepto de media dieta de manutención (18,70 €) do domingo 24 de xuño.

En concepto de dietas enteiras de manutención (149,60 €) do luns 25, martes 26, mércores 27 e xoves 28 de xuño.

En concepto de media dieta de manutención (18,70 €) do venres 29 de xuño.

En concepto de aloxamento (329,85 €) dos días domingo 24, luns 25, martes 26, mércores 27 e xoves 28 de xuño.

–197,22 € imputables á aplicación orzamentaria 1320.2312000 (locomoción do persoal non directivo), en concepto de gastos de viaxe pola utilización do seu vehículo particular no percorrido de 1.038 Km.

Nas aplicacións orzamentarias 1320.2302000 (dietas para persoal) e 1320.2312000 (locomoción do persoal non directivo) e o seu nivel de vinculación existe crédito adecuado e suficiente para dar cobertura aos gastos de 516,85 € e 197,22 € respectivamente.

En virtude de cantos antecedentes se expoñen, o funcionario que subscribe ven en propoñer ao Concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA de





## Concello de Vigo

### ACORDO:

1.- Autorizar ao funcionario de carreira D. Francisco Martínez Muñoz, nº de persoal 13712, con posto de traballo de Intendente Xefe da Policía Local, a asistir, en calidade de comisión de servizo con dereito a indemnización, ao XII CURSO AVANZADO DE MANDO DE UNIDADES UNIFORMADAS, que organizado polo C.N.P., vaise celebrar na Escola nacional de Policía de Ávila desde o día 25 ata o día 29 de xuño de 2018, ambas datas inclusive.

2.- A comisión terá a seguinte duración:

–Saída o domingo día 24 de xuño de 2018 ás 14:00 horas.

–Regreso o venres 29 de xuño de 2018 despois das 13:00 horas.

3.- O traslado farase no vehículo particular do interesado.

4.- Autorizar o gasto de 516,85 € polas dietas devengadas na duración da comisión, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2302000 (dietas para persoal).

5.- Autorizar o gasto de 197,22 € con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2312000 (locomoción do persoal non directivo) para os gastos de desprazamento que se devenguen na execución da comisión.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(672).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO CANICOUBA”. EXPTE. 3614/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 14/06/18, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

### Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 7 de xuño de 2018, acordou entre outros asuntos:

“Aprobar o proxecto de “CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO CANICOUBA”, redactado polo Arquitecto Colexiado no 649 do COAG, D. José Enrique Pérez – Ardá Criado cun orzamento base de licitación máis IVE de 277.551,62 € e data maio de 2018”.

II.- Revisado o expediente detectase un erro material no importe do orzamento base de licitación (277.551,62 € , IVE engadido), cando o importe correcto do orzamento base de licitación ascende a un total de 278.822,08 €, IVE engadido.

## **Fundamentos técnicos e xurídicos**

I.- O artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

II.- A aprobación do proxecto corresponde ó órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014, que de acordo coa súa disposición adicional 2ª.4 é a Xunta de Goberno Local.

Polo anteriormente exposto, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Rectificar o erro no Acordo da Xunta de Goberno de data 7 de xuño de 2018 no referente ó importe do orzamento base de licitación, polo que o mesmo debera figurar como segue: "Aprobar o proxecto de "CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO CANICOUVA", redactado polo Arquitecto Colexiado nº649 do COAG, D. José Enrique Pérez – Ardá Criado cun orzamento base de licitación máis IVE de 278.822,08 € e data maio de 2018.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **6(673).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA CONVOCATORIA DO PLAN NACIONAL DE TERRITORIOS INTELIXENTES DA AXENDA DIXITAL PARA ESPAÑA, PILOTO DE EDIFICIOS INTELIXENTES (RESOLUCIÓN DE 4 DE DECEMBRO DE 2017, DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL RED.ES). EXPTE. 5599/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26/06/18, dáse conta do informe-proposta de data 22/06/18, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, o xefe da Área de Inversións, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de Admón. Electrónica e o concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

### **I.- ANTECEDENTES:**

Con data 21 de decembro de 2017, o BOE, publica a Resolución de 4 de decembro de 2017, da Entidade Pública Empresarial Red.es, pola que se establecen as bases reguladoras da Convocatoria do Plan Nacional de Territorios Intelixentes da Axenda Dixital para España, Pilotos de Edificios Intelixentes.

As presentes bases teñen por obxecto a regulación da concesión en réxime de concorrencia competitiva, e conforme aos principios de publicidade, transparencia, igualdade e non



## Concello de Vigo

discriminación, de axudas en especie a municipios que participen na Convocatoria do Plan Nacional de Territorios Intelixentes, Pilotos de Edificios Intelixentes.

Os proxectos piloto deberán incidir na integración de obxectos internos da cidade no modelo de cidade intelixente. Enténdense por obxectos internos da cidade os seguintes: aeroportos, estacións de ferrocarril e de autobús, portos, edificios públicos (museos, dependencias municipais, polideportivos, colexios, mercados, entre outros), edificios singulares e históricos, edificios de vivendas, etc.

A promoción das normas e da interoperabilidade constitúe unha prioridade do Plan Nacional de Territorios Intelixentes. A interoperabilidade permite, mediante interfaces normalizados e abertos entre as plataformas, o desenvolvemento de aplicacións e servizos portables, capaces de operar sobre as plataformas das distintas cidades, así como o acceso e intercambio de datos entre distintos dominios e contornas. Desta forma foméntase a innovación, o desenvolvemento dunha contorna de emprendemento, e asegúrase a competitividade dos servizos. Por iso, os proxectos piloto deberán aplicar normas, estándares e recomendacións tendentes á apertura de interfaces, á reutilización de solucións e á interoperabilidade, en consonancia cos traballos do Comité Técnico de Normalización 178 de UNE.

### 1.- Condicionantes da convocatoria:

En virtude de todo o anterior, os proxectos piloto deberán atender ao obxectivo de integrar os obxectos internos da cidade enumerados anteriormente na xestión intelixente do municipio.

#### a.- Beneficiarios.

No procedemento de selección poderán participar os municipios que se atopen situados nas comunidades autónomas de Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana, Galicia ou Madrid; e cuxa poboación a 1 de xaneiro de 2016 non sexa inferior a 200.000 habitantes.

#### b.- Requisitos de participación.

Non se tomará en consideración ningunha solicitude que non acredite que o proxecto piloto serve ao obxecto definido nas presentes Bases, que solicite a axuda en especie para actuacións non subvencionables, que non comprometa un adecuado equipo de traballo de persoal da entidade solicitante, que presente un proxecto ou unha estimación económica desproporcionados, ou que non asegure a sustentabilidade financeira da fase de operación e explotación do proxecto.

Adicionalmente, será requisito para a participación que a cidade conte, no momento de presentar a súa solicitude, cunha plataforma de cidade operativa e conforme ao modelo establecido na norma UNE 178104; ou ben que os traballos para a súa implantación atópanse iniciados, sendo imprescindible para apreciar tal circunstancia que os procedementos de compra pública necesarios para iso atópanse, polo menos, iniciados.

No caso de dispor de porto, aeroporto, estación de ferrocarril, ou estación de autobuses, o solicitante deberá alcanzar acordos cos titulares de todas ditas infraestruturas para a súa participación no piloto. Tamén será requisito para a participación, que o solicitante achegue

unha lista de polo menos 150 edificios que participarán na iniciativa, que contemple, ademais do aeroporto, estación de ferrocarril e de autobús, e porto, outros edificios públicos (museos, dependencias municipais, polideportivos, colexios, mercados), edificios singulares e históricos, edificios de vivendas, etc. Ao ser o propósito do proxecto a integración de información da cidade mediante os edificios seleccionados, estes deberán estar razoablemente distribuídos pola cidade, e reflectir adecuadamente os espazos urbanos máis representativos da mesma.

No caso de edificios que non sexan propiedade do Concello solicitante, tamén será requisito, para que a solicitude sexa tomada en consideración, que a cidade, á data de presentación da súa solicitude, alcance e efectivamente subscrito os convenios e acordos de colaboración cos titulares dos obxectos internos, ou con calquera outros axentes con dereitos sobre devanditos obxectos internos e cuxa autorización ou participación activa sexan necesarias para que a execución material do proxecto sexa viable.

Por último, o solicitante deberá achegar un proxecto de explotación que detalle que servizos proporcionarase, tanto a nivel de edificio individual ou grupo de edificios, como para o conxunto da cidade. Na identificación dos casos de uso de interese deberá promoverse a participación da industria, as universidades e a cidadanía.

c.- Financiamento e contía da subvención.

O orzamento de cada proxecto piloto presentado non poderá ser superior a CINCO millóns de euros (5.000.000), impostos indirectos aplicables incluídos.

Atendendo á distribución territorial dos fondos europeos, Red.es contribuirá ao financiamento da implantación e posta en produción dos pilotos situados en Andalucía e Galicia cun oitenta por cento (80 %) do custo total da fase de implantación e posta en produción do proxecto piloto, e cada entidade participante, financiará un vinte por cento (20 %) do custo total de devandita fase. Para os pilotos situados en Cataluña, Madrid e Comunidade Valenciana, Red.es contribuirá ao financiamento cun cincuenta por cento (50 %) do custo da fase de implantación e posta en produción do proxecto piloto, e cada entidade participante financiará un cincuenta por cento (50 %) do custo total de devandita fase do proxecto piloto.

Cada solicitude incluírá de forma detallada o custo do proxecto piloto. Na súa solicitude, as entidades locais deberán incluír un concepto de «custos de xestión, coordinación, seguimento, avaliación, comunicación e auditoría» por un importe do 6 % do orzamento total. Esta partida destinarase aos labores de xestión, coordinación, seguimento, avaliación, comunicación e auditoría que deberá realizar Red.es para a correcta execución e avaliación do impacto dos proxectos piloto.

A información presentada deberá indicar de forma clara o custo das actuacións.

A achega da entidade local realizarase mediante transferencia anticipada a Red.es do 50 % do orzamento achegado pola entidade local para o desenvolvemento do proxecto piloto, ao



## Concello de Vigo

seis meses da firma do convenio de colaboración. O 50 % restante abonarase ao dezaioito meses desde a firma.

### d.- Orzamento.

O orzamento da Convocatoria é de trinta millóns de euros (30.000.000). As cantidades expresadas nesta cláusula refírense á totalidade do orzamento, incluíndo por tanto a porcentaxe correspondente á achega das entidades locais participantes.

